Recibido nesta inspección educativa, un escrito ....., formulando para resposta escrita, unha serie de dúbidas en relación coa avaliación de ACS, procedo e efectuar as correspondentes aclaracións, que se insiren de seguido.

Pregunta	**Resposta**
1.-Cando un alumno teña aprobada unha ACS nunha materia que recolla os obxectivos mínimos do seu nivel actual de escolarización, ademais de aprobada a A.C. pode considerarse que aproba tamén a dita materia?	En primeiro lugar, a situación que se describe ou conforme se formula, non debería suceder, xa que logo, unha ACS debe formularse cando haxa como mínimo dous cursos/niveis de retraso na competencia curricular dun alumno/a, En segundo lugar, o que realmente supera un alumno/a con ACS é a dita ACS, é dicir o expresado e contido na ACS en cada materia /área adaptada e promociona en función da dita superación da ACS que lle foi autorizada e que está vixente en cada momento, motivo polo que esta inspección educativa insiste no formato/modelo de programación no que queda expresado con claridade o currículo de referencia (no que o alumno/a está matriculado/a) e o currículo adaptado (nivel de competencia real no que situamos a ACS en base á situación e posibilidades que identificaron para cada alumno/a na dita materia/área. (Arts. 5º e 6º da Orde do 21/12/2007) O que realmente aproba o alumno/a con ACS é o expresado na ACS, motivo polo que se debe realizar un novo DIACS coa correspondente programación, en casos en que xa superou a ACS proposta no seu momento, pero que é necesario actualizar, etc, e polo tanto, formular unha nova ACS para outro novo período temporal así expresado no dito documento. Agora ben, vista a Sentenza 68/13 (procedemento abreviado nº 313/2012) do Tribunal Contencioso Administrativo nº 2 da Coruña, que revoga unha resolución da Xefatura Territorial e emite un fallo no que resolve darlle o título de ESO a un alumno cunha ACS, logo de que aprobase todas as materias de ESO e si ben o dito xulgado parece mesturar e mesmo inclusive confundir ACS con PDC, o caso é que teríamos que asumir que un alumno que chega a 4º de ESO e lle figuran todas as materias aprobadas, mesmo nos casos con ACS, se lle considera que ten dereito ao título de ESO. Cuestión distinta serían os casos en que lle quedan ate tres materias pendentes, xa que logo, nese caso se tería que entrar no fondo do asunto, valorando a adquisición /logro das competencias básicas, de conformidade co procedemento indicado no artigo 7º da Orde do 21/12/2007 e coa decisión adoptada en concreto,no punto 8º do citado artigo 7º.
2.-No exemplo que se cita, é necesario que o equipo de avaliación o faga constar de forma expresa na acta final?	Efectivamente, e en consecuencia co indicado anteriormente, esta inspección propón que na comunicación das cualificacións que se lle efectúa á pais/nais de alumnado con ACS, que se lles especifique, de ser o caso, que o dito aprobado na ACS se refire a que supera o contido e alcance do DIACS proposto no seu día e vixente ate este momento pero que non implica a superación da materia. Tamén procede indicar expresamente, de ser o caso, que a materia do dito nivel non se considera superada. A antedita suxestión, efectúase coa reserva de que un xulgado poida considerar despois igualmente, como única comunicación válida a expresada nas actas de avaliación e polo tanto, un aprobado na ACS en 4º de ESO implicaría a superación da materia aos efectos de titulación. Outra opción é considerar posibles modificacións do DIACS proposto no seu día, para ser actualizado/modificado en base a que o nivel e competencias básicas expresadas na dita programación están superadas, pero que nas actas de avaliación figure como suspensa (valoración como suspensa). de cara evitar situacións como a que conlevou a citada Sentenza, e á vista do risco que implica coa vixente lexislación un aprobado na ACS cando non é tal, de conformidade coa competencia real do alumnado nas ditas materias/áreas adaptadas. En calquera caso, é moi importante emitir un informe ao respecto do grao de consecución das competencias básicas/clave de cara

	a posible titulación na ESO, xunto coas cualificacións dadas, moi especialmente ao logo do derradeiro curso da ESO na que se se desenvolva a ACS en cuestión.

Na espera de que esta resposta aclare as dúbidas formuladas, aínda que tanto na normativa como especialmente, o que se derivou de interpretacións como a que se reflicte na citada sentenza, non nos resolve de forma clara a situación e polo tanto, neses termos emito eu tamén a miña reserva de cara non poder concretar como certeza absoluta, este miña interpretación.
Quedo en todo caso, ao dispor para calquera necesidade de aclaración adicional, etc.

O que informo aos efectos oportunos.

O inspector de educación,

Asdo.: Manuel Guerra Fernández